

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2018.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.**
- 3º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 4º.- **URBANISMO.**
- 5º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPREENDEDORES.**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 21 de Setembro de 2018

2º.- **DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.**

Dase conta de:

2.1.- Informe/Balance de Secretaría, logo de 1 ano de administración electrónica coa empresa Gestiona.Es-Público, desde perspectiva da eficacia e operatividade municipal –cun novo programa de empadramento tamén–, con continuas actualizacións –as conexións en marcha a tódalas plataformas dixitais da Administración Pública, SIA, CI@ve, NOTIFICA, Axencia Tributaria, etc. por ex.- e con especial incidencia en estas problemáticas concretas:

- Sistema de interconexión de rexistros das Administracións (SIR)
- Valoración das novas esixencias que plántea esa administración electrónica en relación cos servizos informáticos necesarios, que asesoren e dean soporte aos usuarios municipais.
- Valoración da concreta repercusión e demandas legais en relación coa garantía do cumprimento da Lei de Protección dos datos de Carácter Persoal.

2.2.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4264 (PROXECTO REPARACION E RESTAURACION DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO) recibido de CONSELLERIA DE CULTURA, DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL. (356.929,58 €)

2.3.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4100 (AMPLIACION DE PRAZO) recibido de COVIASSTEC SILLEDA, S.L.

2.4.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4039 (SOLICITUDE DE INFORMACION ACTUACIONES PREVIAS) recibido de CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS-XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA.

2.5.- 2018-E-RC-4113 (INCOACION EXPTE. DE REPOSICION A LEGALIDADE URBANISTICA) recibido de CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO.

2.6.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4190 (REQUERIMENTO DE DOCUMENTACION) recibido de ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE.

2.7.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-3960 (INFORMACION ACERCA DAS COMISIONS DE FESTAS) recibido de SGAE.

2.8.- Registro de Entrada 2018-E-RC-4326 (EXPEDENTE DE REPOSICION DA LEGALIDADE URBANISTICA) recibido de Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU).

3º- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

3.1.- Expte. 2124/2018. Escrito de **CONSTRUCCIONES FERNANDO SARMIENTO, S.A.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-3962, de data 18 de setembro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra de MELLORA DA PAVIMENTACION DOS CAMIÑOS DE SANTA MARIÑA, DE SESTELO E CASCAXIDE A SAR, por importe de **5.270,70 €** de data 30 de Xuño de 2016.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 24 de setembro de 2018 emítase o seguinte informe:

"Solicitante *Fernández Fernández, Isaac, e.r. CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A*
Data de rexistro *18.SET.2018* *Nº 2018-E-RC-3962* *Expediente 2124/2018*
Emprazamento *Santa Mariña, de Sestelo, Cascaxide e Sar*
Referencia catastral *N/D*
ASUNTO: *Devolución de aval*

INFORME:

1. Entre a documentación aportada polo contratista consta acta de recepción das obras asinada o día 16 de setembro de 2016.

2. Á vista da solicitude de devolución de aval arriba indicada, e visto que está amplamente superado o prazo legal de garantía e non consta non expediente, salvo erro ou omisión involuntarios, oferta do contratista de aumento deste prazo, este arquitecto considera que procede a devolución do aval solicitado."

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión do Arquitecto.

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES FERNANDO SARMIENTO , S.A.**, correspondente a obra de MELLORA DA PAVIMENTACION DOS CAMIÑOS DE SANTA MARIÑA, DE SESTELO E CASCAXIDE A SAR, por importe de **5.270,70 €** de data 30 de Xuño de 2016., sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

3.2.- Expte. 538/2017. Escrito de **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-154, de data 20 de setembro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra de MELLORA DOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL AREA 33 NO CONCELLO DE SILLEDA, por importe de **6.198,20 €**, de data 28 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Arquitecto Municipal informe previo, para determinar si procede a devolución do mencionado aval.

4º.- URBANISMO.

4.1.- Expte. 2238/2018. Cambio de titularidades

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de outubro de 2017, concedeu salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a CRISTIAN VALER NAGI para acondicionamento de local para destinalo a cafetería, na rúa Trasdeza, n.º 35 baixo, Silleda, parcela con referencia catastral 36052K503003590004UB, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

Visto que, por CRISTIAN VALER NAGI, preséntase en data 12 de setembro de 2018 escrito Rexistro de Entrada n.º 3885, adxuntando certificado final de obras, asinado pola Arquitecta técnica Miriam Sánchez Rodríguez, en data 11 de setembro de 2018, solicitando licenza de actividade.

Visto que, mediante escrito con Rexistro de Entrada n.º 2018-E-RC-4229, de data 05 de outubro de 2018, por JUAN RAMÓN FONDEVILA GARCÍA, (Expte 2238/2018) preséntase solicitude de cambio de titularidade, no que adxunta xustificante de pago de taxas, escrito de Cristian Valer Nagi, e contrato de arrendamento do local destinado a cafetería, na rúa Trasdeza, n.º 35 baixo, Silleda, parcela con referencia catastral 36052K503003590004UB.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de Cafetería, na rúa Trasdeza, n.º 35 baixo, Silleda, a favor de JUAN RAMÓN FONDEVILA GARCÍA.

5.2.- Expte. 2159/2018. Eliminación Barreiras Arquitectonicas (Ascensor) CEIP de Silleda. Xefatura Territorial a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Vista a solicitude de licenza, presentada pola **Xefatura Territorial a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-4079 de data 26 de setembro de 2018, para **Eliminación Barreiras Arquitectónicas (Ascensor) CEIP de Silleda**, na rúa da Estación, n.º 2 (Silleda), segundo proxecto básico e de execución da arquitecta Rosario Dalama Rodríguez.

Visto o informe emitido o 02 de outubro de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante	Xefatura Territorial a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria		
Data de rexistro	26/09/2018	Nº 2018-E-RC-4079	Expediente 2159/2018
Solicitude	Eliminación Barreiras Arquitectónicas (Ascensor) CEIP de Silleda		
Emprazamento	Rúa da Estación, nº 2, Silleda		
Referencia catastral	1883001NH6218S0001QG	Coordenadas UTM 29 ETRS89:	
Parcela rexistral	18219	X: 561753.16 m Y: 4728094.12 m	
Clase de solo	Solo Urbano, ordenanza Cultural-Escolar, C.E.	Superficie construída: 4.296 m ²	
Autor do Proxecto	Rosario Dalama Rodríguez, Arquitecta colegiada 3491		
Proxecto Básico e de execución.	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio) n/d		
Dirección de Obra	n/d		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	79.324,28 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €	

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Planeamento do Concello de Silleda
 - 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 2159/2018, de solicitude de licenza asinada por Xefatura Territorial a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, presentada con R.E. 2018-E-RC-4079 de 26/09/2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Rosario Dalama Rodríguez, Arquitecta Colexiada 3491.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo Urbano, ordenanza Cultural- Escolar, C.E. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Eliminación Barreiras Arquitectónicas (Ascensor) CEIP de Silleda, está clasificado como solo urbano, Ordenanza 8.

5. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	SI
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	SI
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

6. As obras que se pretenden executar, segundo se desprende na memoria, son as de: **“Eliminación Barreiras Arquitectónicas (Ascensor) CEIP de Silleda”**

7. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta nova edificación encadra dentro do uso xeral da parcela e da edificación á que dará servizo. Por tanto, **este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o art. 18 do nomeado PXOM.**

8. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

9. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Cumpre
Superficie mínima de parcela	4.296	2.000	Si
Altura de cornixa	12,43 m	15 m	Si
Ocupación máxima	<40%	40%	Si
Superficie ocupada en planta	2.962,2		Si
Número máximo de plantas	B+2	B+3	Si
Recuamento a lindeiros	> 3 m	3 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	Si
Acceso rodado	SI	SI	Si

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Eliminación Barreiras Arquitectónicas (Ascensor) CEIP de Silleda solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, de acordo co artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal a **Xefatura Territorial a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** para **Eliminación Barreiras Arquitectónicas (Ascensor) CEIP de Silleda**, na rúa da Estación, n.º 2 (Silleda), parcela con referencia catastral 1883001NH6218S0001QG, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

- Non poderón iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:
 1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
 2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

5º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

5.1.- Expte. 2213/2018. Rexistro de Entrada 2196, de data 15 de maio de 2018. ANTONIO FERNÁNDEZ PAZ, para a apertura dunha actividade de "Instalación de Fontanería".

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, pola concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa emítese informe correspondente a esta solicitude., de data 10 de outubro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que por parte da Concellería se poñan en contacto co solicitante para subsanar defectos da solicitude.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de outubro de 2018

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga